



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A RENOVACION DE CUBERTAS CON TELLA CERAMICA

ORDE do 19 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a renovación de cubertas con tella cerámica, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN423B). (Publicación no DOG núm 128 do xoves 6 de xullo de 2017).

Beneficiarios: As persoas físicas ou as comunidades de propietarios, sempre que a actuación subvencionable se realice en vivendas ou edificios de vivenda colectiva e nas súas edificacións anexas da súa titularidade, sitos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxecto: Fomentar a renovación de cubertas con tella cerámica acadando melloras significativas na demanda enerxética dos edificios cos conseguintes aforros en termos económicos.

Contía: O custo subvencionable máximo será de 55 € por m² de cuberta. A contía da subvención será do 40 % dos custos totais subvencionables (IVE incluído, cando tal imposto sexa subvencionable).


Prazo de presentación de solicitudes: O prazo para cubrir e validar as solicitudes será de tres meses desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG, agás que se produza o suposto de esgotamento de crédito.

Máis información:

- Páxina web oficial da consellería: <http://ceei.xunta.gal>.
- Os teléfonos da devandita dirección xeral: 981 95 70 92 ou 981 54 55 88.
- O enderezo electrónico: cei.dxiem.axudasminas@xunta.gal.
- <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos>.
- Presencialmente.
- Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poden informalle destas axudas e axudarlle coa tramitación.

Padrón, 6 de xullo de 2017

A concelleira de casco histórico,


Asdó. Lorena Couso Dopazo.